

Forma Base	3ª Persoa Singular	Regras Ortográficas
guess wash watch mix	guesses washes watches mixes	os acabados en -s ou nun son semellante, como sh , ch ou x .
do, go	does, goes	os rematados en -o.
study try	studies tries	os rematados en consoante + y , antes cambian o y por un i .

• Usos

- Para indicar que algo ocorre a cotío, como todos os días (**every day**), todas as semanas (**every week**), normalmente (**usually**), xeralmente (**generally**), sempre (**always**), ou xamais (**never**).

I never eat on the sofa. (Xamais como no sofá)

He generally studies at home. (Xeralmente, estudia na casa.)

- Para expresar unha verdade xeral ou unha definición.

England is in Europe. (Inglaterra está en Europa.)

The sun is a star. (O sol é unha estrela.)

- Para expresar gustos, sentimentos e opinións.

I like hamburgers. (Gústame as hamburguesas.)

He loves Sarah very much. (Quere moito a Sara.)

I think English is easy. (Coido que o inglés é doado.)

As preposicións de lugar (I)

- IN:** en (nun lugar pechado ou delimitado).

My comics are in a box. (Os meus cómics están **na** caixa.)

London is in England. (Londres está **en** Inglaterra.)

- AT:** en (nun punto ou facendo unha actividade concreta).

My friends are at the seaside. (Os meus amigos están **na** costa.)

He's at work. (Está **no** traballo.)

Na expresión **at home** (na casa).

- FROM:** de, desde, dende (procedencia ou orixe):

Patrick is from Argentina. (Patrick é **da** Arxentina.)

He writes from Paris. (Escribe **desde** París.)

OLLO: En inglés as preposicións nunca contraen co artigo.

o imperativo

- É o modo verbal asociado coa idea de mandato. Emprégase para dar ordes ou instrucións de emprego.

Do it now! (¡Faino agora! / ¡Facédeo agora!)

Open here. (Abre por aquí. / Abridge por aquí.)

- Afirmativa:** É como a forma base do verbo e nunca leva suxeito. É igual para *ti*, *vós* e *vostede/vostedes*.

Come here. (Ven aquí. / Vinde aquí. / Veña aquí. / Veñan aquí.)

Shut up. (Cala. / Calade. / Cale. / Calen.)

- Negativa:** Fórmase con **do not (don't)** diante do verbo, en tódalas persoas. Ollo, porque en negativa o imperativo expresa unha prohibición.

Don't shout! (¡Non berres!)

Don't do that. (Non fagades iso.)

OLLO: Tamén se emprega **don't** no imperativo de **to be**, aínda que en tódolos demais tempos este verbo só precisa a partícula **not** para formar a negativa.

Don't be afraid. (Non teñades medo.)

- LET'S** é a contracción do verbo **let + us** (o pronome persoal obxecto de 1ª persoa de plural).

Let's (Let us) go! (¡Vamos! / ¡Ímonos!)

- Ponse diante do verbo principal cando o falante se inclúe na proposta que vai facer. Así non expresa mandato, senón unha suxestión.

Let's play cards! (¡Imos xogar ás cartas!)

- En negativa ponse **not** diante do verbo principal.

Let's not tell John. (Non llo digamos a John.)

Unit 4

o Present Simple en negativa

Negativa	Traducción	Contracción
I do not live	eu non vivo	I don't live
you do not live	ti non vives	you don't live
he does not live	el non vive	he doesn't live
she does not live	ela non vive	she doesn't live
it does not live	(iso) non vive	it doesn't live
we do not live	nós non vivimos	we don't live
you do not live	vós non vivides	you don't live
they do not live	eles/las non viven	they don't live

- Aquí precisas **do not** e na 3ª persoa singular **does not**, así o verbo principal xa non leva -s (ou -es se é o caso).
I do not (don't) live in Rome. (Eu non vivo en Roma.)

o Present Simple en interrogativa

Interrogativa	Traducción
Do I know...?	¿Sei eu...?
Do you know...?	¿Sabes ti...?
Does he know...?	¿Sabe el...?
Does she know...?	¿Sabe ela...?
Does it know...?	¿Sabe (iso)...?
Do we know...?	¿Sabemos nós...?
Do you know...?	¿Sabedes vós...?
Do they know...?	¿Saben eles/las...?

- As preguntas levan **do** ou **does**, o suxeito e o verbo.
Do you know the story? (¿Coñeces a historia?)